



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

RUTAS LITERARIAS 2008

No [DOG nº 202](#) do xoves 18 de outubro sae publicada a Orde do 1 de outubro de 2007 pola que se convocan axudas para a realización de rutas literarias durante o ano 2008. Convócanse 96 axudas (1 grupo de rutas

literarias a Baleares, 1 grupo a Murcia, 1 grupo a Castela-A Mancha O Quixote e outro a Castela e León Antonio Machado) destinadas ao alumnado de 3º e 4º da ESO. As rutas levaranse a cabo nas datas comprendi-

das entre o 17 de febreiro e o 15 de xuño de 2008. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do mesmo día da súa publicación no DOG.

PROGRAMA DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO

O punto décimo da Orde do 11 de maio de 2007 pola que se convoca e regula o programa de gratuidade de libros de texto e materiais curriculares en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigato-

rios e gratuítos para o curso escolar 2007/2008 (DOG do 2.1) establece que **os centros dispoñen de prazo ata o 31 de outubro para presentar a xustificación.**

Máis información no portal educativo, na sección de gratuidade de libros de texto.

[Acceso](#)

Contido:

Rutas literarias 2008	1
Programa de gratuidade dos libros de texto	1
Resolución das axudas económicas para realizar actividades co alumnado e coas familias	1
Galiciadixital	1
Xornadas <i>Presente, Pasado e Futuro das Mulleres na Ciencia e nas TIC</i>	2
Premio Internacional de Álbum Ilustrado	2
IV Concurso de Redacción e Investigación Histórica <i>Falemos da nosa Historia</i>	2

RESOLUCIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES CO ALUMNADO E COAS FAMILIAIS

No [DOG nº 204](#) do luns 22 de outubro sae publicada orde do 10 de outubro de 2007 pola que se resolve a convocatoria de axudas económicas dirixidas a asociación e fundacións con fins pedagóxicos para

a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2007.






GALICIADIXITAL

Galiciadixital é unha iniciativa da Xunta de Galicia para amosar os avances no eido audiovisual e multimedia. Conta cunha exposición permanente no Mosteiro de San Martín Pinario en Santiago de Compostela e ta-

mén unha réplica itinerante que está a percorrer diversas vilas e cidades da nosa comunidade autónoma. Este curso engadíronse máis salas para amosar novos contidos. Trátase dunha exposición guiada,

para planificar os grupos contacte cos responsables: tel: 981-554048, fax: 981-554781 email: galiciadixital@centromultimedia.net

[Acceso](#)



XORNADAS PASADO, PRESENTE E FUTURO DAS MULLERES NA EDUCACIÓN, NA CIENCIA E NAS TIC

Dentro do Plan Anual de Formación do Profesorado, e organizadas polo CFR de Pontevedra, celebraranse os próximos 26 e 27 de outubro, no hotel Carlos I de Sanxenxo (Pontevedra), as xornadas *Pasado, Presente e Futuro da Mulleres na Educación, na Ciencia e*

nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación. Pretenden ser o comezo dun conxunto de accións de formación destinadas a incluír a perspectiva de xénero nos currículos, na xestión da aula e na organización e funcionamento dos centros educativos.

Para acadar ese obxectivo é preciso que se organicen grupos de traballo nos propios centros para poder levar adiante un plan de intervención sistemática neles.

[Máis información](#)

PREMIO INTERNACIONAL DE ÁLBUM ILUSTRADO

A editorial Kalandraka e o Departamento de Educación do Concello de Santiago convocan conxuntamente o I Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados, unha iniciativa dirixida a autores e ilustradores de todas as nacionalidades. O prazo de entrega dos traballos finaliza o 31

de xaneiro de 2008. O premio está dotado con 12.000 € en concepto de dereitos de autor e implica tamén a publicación da obra gañadora nas cinco linguas oficiais da Península Ibérica.

[Bases do concurso.](#)



IV CONCURSO DE REDACCIÓN E INVESTIGACIÓN HISTÓRICA *FALEMOS DA NOSA HISTORIA*

O CEIP López Ferreiro convoca o IV concurso de Redacción e investigación Histórica *Falemos da Nosa Historia*, dirixido a escolas de 3º ciclo de educación primaria e 1º ciclo da ESO. Os traballos presentaranse

en lingua galega e deberán ser orixinais. O tema proposto para este ano ten como título "A Lenda do Mariscal Pardo de Cela".

[Máis información](#)

